

# PROGRAMACIÓN DE FRANCÉS 2ª LINGUA ESTRANXEIRA

## IES DE PONTE CALDELAS

## 2ºESO / 4ºESO / 2ºBACH

## CURSO 2022 /2023

IRENE LORES NIETO

Xefa de Departamento de Francés IES Ponte Caldelas

**INDICE** Páx.

1. Introdución e contextualización……………………………………………………………………………...3

2. Contribución da materia de francés ás competencias clave…………………………………………….5

3. Concreción dos obxectivos ………………………………………………………………………………….....12

4. Metodoloxía…………………………………………………………………………………………………………......15

5. Criterios de avaliación e cualificación………………………………………………………………….......17

6. Medidas de atención á diversidade………………………………...………………………………………….19

7. Accións de educación en valores e de contribución ao Plan de convivencia.......................21

8. Accións e contribución ao Plan TIC do centro…………………………………….......................22

9. Accións e contribución ao Proxecto lector e Proxecto lingüístico do centro……………...…..22

10. Materiais didácticos……………………………...……………………………………………………….......24

11. Actividades complementarias e extraescolares……………..………………………………….......26

12. Procedemento e sistemática de control, seguimento e avaliación do grao

de consecución das competencias básicas e obxectivos de etapa, por parte do alumnado………………………………………………………………………………………………………………….......26

13. Procedemento e indicadores para avaliar a propia programación………………………….........27

ANEXO – TEMPORALIZACIÓN E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DOS ESTÁNDARES DE POR CADA CURSO.

# 1. INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

## A- Introdución

Esta programación para a materia de Francés 2ª Lingua Estranxeira e para os cursos 2ºESO / 4ºESO/ 2ºBACH está deseñada conforme ás instrucións recollidas na Resolución do 17 de xuño de 2021, Da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2021/22, no Decreto 86/2015 do 25 de xuño pola que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e na orde do 19 de maio de 2021 pola que se aproba o calendario escolar para o curso escolar 2021/2022 nos centros sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

O marco normativo básico no que se encadra o presente documento é o seguinte:

- Orde de 28 de agosto de 1995 pola que se regula o procedemento para garantir o dereito dos alumnos de Educación Secundaria Obrigatoria e de Bacharelato a que o seu rendemento escolar sexa avaliado conforme a criterios obxectivos.
- Orde do 6 de outubro de 1995 pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral.
- Orde de 28 de outubro de 1996 pola que se regulan as condicións e o procedemento para flexibilizar a duración do período de escolarización obrigatoria dos alumnos con necesidades educativas especiais asociadas a condicións persoais de sobredotación intelectual.
- Circular 9/1999 da Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional pola que se ditan instrucións para a atención á diversidade na Educación Secundaria Obrigatoria.
- Orde do 27 de decembro de 2002 pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con necesidades educativas especiais.
- Orde do 20 de febreiro de 2004 pola que se establecen as medidas de atención específica ó alumnado procedente do estranxeiro. • Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación (LOE).
- Orde do 30 de xullo de 2007, pola que se regulan os programas de diversificación curricular na educación secundaria obrigatoria.
- Circular 8/2009 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regulan algunhas medidas de atención á diversidade para o alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria.
- Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.
- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- Decreto 229/2011 do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na LOE. (DOG 21/12/2011).
- Real Decreto-Lei 14/2012, do 20 de abril, de medidas urxentes de racionalización do gasto público no ámbito educativo.
- Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato.

- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta.
- Orde do 13 de xullo de 2016 pola que se amplía a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato e se regula o seu currículo e a súa oferta.
- Real Decreto 310/2016, de 29 de xullo, polo que se regulan as avaliacións finais de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato.
- Orde do 3 de agosto de 2017 pola que se amplía a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes na etapa de educación secundaria obrigatoria, e se regula o seu currículo e a súa oferta.

### B- Contextualización

O instituto IES de Ponte Caldela está situado na localidade de Ponte Caldelas cunha poboación de 5562 habitantes. Ademais recibe alumnado dos concellos veciños. Son todos concellos formados por asentamentos de poboación de reducido tamaño nos que se produciu un estancamento demográfico.

O territorio está vertebrado por unha infraestrutura de transporte que comunica núcleos de poboación moi dispersos no espazo. A maioria do alumnado ten que facer uso do transporte escolar, o que condiciona a organización de todo tipo de actividades, sobre todo extraescolares. A estrutura interna das economías familiares está diversificada.

A maioría das economías familiares, aínda que situadas nun medio rural, reciben ingresos de rendas xeradas fóra da actividade agraria: sector servizos pouco especializados.

Na materia de Francés 2ª Lingua, contaremos este curso 2022/2023 cos seguintes **grupos e niveis**:

- 1º ESO: **4 grupos** (2 horas/ grupo) (51 alumnos)
- 2º ESO: **3 grupos** (2 horas/ grupo) (58 alumnos)
- 3º ESO: **1 grupo** (3 horas/ grupo) (19 alumnos)
- 4º ESO: **2 grupos** (3 horas/ grupo) (28 alumnos)
- 1º Bacharelato: **1 grupo** (4 horas) (10 alumnos)
- 2º Bacharelato: **1 grupo** (3 horas) (9 alumnos)

**Total: 175 alumnos.**

Os obxectivos serán adaptados aos grupos concretos, considerando os datos obtidos na Avaliación Inicial. Tamén se terá en conta a heteroxeneidade dos mesmos e as medidas de atención á diversidade, así como as características propias do Centro.

## Profesores do departamento de francés:

Xefa de departamento: **Irene Lores Nieto** que impartirá a materia nos grupos seguintes:

- 3ESO ABC (1GRUPO)
- 4ESO AC, B (2 GRUPOS) * TITORA DE 4ºESOB
- 1BACH AB (1 GRUPO)
- 2BACH AB (1GRUPO)

En total 5 grupos.

Profesor interino: **Manuel Jove Prendes** que impartirá a materia nos grupos seguintes:

- 1ESO A, B, C, D
- 2 ESO A, B e C *TITOR DE 2ºESO A

En total 7 grupos.

## 2- CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DE COMPETENCIA CLAVE

### A - Competencia en Comunicación Lingüística

A metodoloxía do enfoque accional traballando as estratexias para adquisición das catro destrezas: recepción, produción, interacción e mediación, implica un traballo de esta competencia en tódolos seus ámbitos: lingüístico, semántico, pragmático, cultural. O traballo que se fai na nosa materia complementará a aprendizaxe e as estratexias de adquisición e perfeccionamento das linguas mellorando así a adquisición desta competencia clave no alumnado.

| **RÚBRICA PARA A EXPRESIÓN ORAL** | | | |
|---|---|---|---|
| **CRITERIOS** | **INSUFICIENTE**<br>**1- 4** | **SUFICIENTE (Grao mínimo)**<br>**5-6** | **NOTABLE**<br>**7-8** |
| PRONUNCIACIÓN E ENTONACIÓN<br>LINGUAXE NON VERBAL | Comete erros de pronunciación ou entonación que imposibilitan a comprensión. Non utiliza a linguaxe non verbal. | Enténdese a mensaxe pese a algún erro, pero non utiliza a linguaxe non verbal. | Pronunciación e entonación axeitadas. Utiliza a linguaxe non verbal. |

| | | | |
|---|---|---|---|
| CONTIDO | A exposición ou interacción carece de contido concreto. | Expón o contido aínda que lle faltan algúns datos | O contido é axeitado aínda que en ocasións se sae do tema. |
| GRAMÁTICA E VOCABULARIO | Os fallos gramaticais imposibilitan a comunicación. O uso do vocabulario é pobre e/ou non acorde ao tema. | O uso da gramática non é sempre o axeitado pero non impide a boa comunicación. O vocabulario é o básico. | O uso da gramática é xeralmente axeitado pese a pequenos erros. O vocabulario é o apropiado para a situación. |
| COHERENCIA E COHESIÓN | A exposición ou a interacción carece de orde. Repítense as mesmas ideas continuamente. | O discurso é xeralmente coherente aínda que hai erros na orde lóxica das ideas. | O discurso é coherente aínda que presenta pequenos erros na orde lóxica das ideas. |

A destreza en **comunicación e comprensión de textos escritos** permite apreciar se o alumno comprende a idea xeral e/ou específica expresada, datos, opinións, argumentos, intención do autor de textos escritos, auténticos ou adaptados e de extensión variada, en diferentes soportes adecuados a súa idade e nivel de competencia comunicativa, con apoio, se é o caso, de elementos non textuais.

Por cursos os tipos de textos que o alumno terá que ser capaz de comprender son:

➢ **2º da ESO**: correspondencia, anuncios, folletos diversos, narracións, artigos de revistas xuvenís, páxinas web, letras de cancións.

➢ **4º da ESO**: Textos literarios de divulgación "auténticos" de temas relacionados coa cultura e a sociedade. Textos relacionados con outras materias do currículo.

➢ **2º de Bacharelato**: Instrucións, consignas básicas de carácter público, institucional ou corporativo. Textos descritivos e narrativos auténticos ou adaptados escritos nun rexistro formal comprendendo un repertorio básico de expresións para rexeitar (agradecendo, xustificando) acceder (con reservas ou condicións), expresar posibilidade ou obriga de facer algo, conceder ou denegar, aconsellar, recomendar ou animar a facer algo. Textos formais, informais ou neutros de diferentes asuntos cotiáns ou non, de temas de interese ou relevantes para os seus estudos ou futuro laboral.

A destreza en **comunicación e expresión de textos escritos** informará sobre a capacidade do alumno para redactar textos breves de forma guiada en diferentes soportes cun uso do léxico e das funcións gramaticais adecuados ao seu nivel, así como elementos básicos de cohesión e coherencia para marcar a relación entre ideas a partir de modelos e respectando regras de ortografía, puntuación e presentación.

Por cursos os tipos de textos que o alumno terá que ser capaz de producir son:

➢ **2º da ESO**: Descricións sobre acontecementos e actividades cotiáns e familiares, narracións sobre experiencias persoais, cartas, postais, formularios e correos electrónicos de forma guiada.

➢ **4º da ESO**: Produción de textos libres en papel ou soporte dixital como avisos, correspondencia, instrucións, descricións, relatos de experiencias ou noticias, cunha estrutura adecuada froito dunha planificación coidada na que se faga un borrador, textualización, revisión e versión final.

➢ **2º de Bacharelato**: Producir diferentes tipos de texto en papel ou formato dixital de maneira planificada segundo a función comunicativa, integrando información relevante de diferentes fontes, adaptando o texto ao contexto específico. Elaborar resumos e notas recapitulativas con claridade e coherencia, describir un suceso dando opinión persoal, CV, cartas de motivación, cartas formais de carácter educativo ou profesional, tomar notas nunha conferencia, sacar conclusións, completar cuestionarios persoais, informes, escribir anuncios, mensaxes e comentarios, correspondencia persoal ou comentario de noticias.

| **RÚBRICA PARA A PRODUCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS** | | | |
|---|---|---|---|
| **CRITERIOS** | **INSUFICIENTE 1- 4** | **SUFICIENTE (Grao mínimo) 5-6** | **NOTABLE 7-8** |
| PLANIFICACIÓN<br>PRESENTACIÓN<br>CONTIDO<br>(Respecto da consigna) | Non se respectan as marxes, a limpeza nin a presentación, o que dificulta a lectura do documento. As ideas teñen pouca ou ningunha relación directa co tema, non son claras e moitas repítense. | As veces a limpeza non é a esixida pero a presentación cumpre os mínimos (marxe, título, letra lexible) para una boa lectura do documento. Aínda que as ideas se repiten ou non están moi claras, teñen relación directa co tema. | O documento está coidado e limpo, con fallos que non impiden a lectura. Case todas as ideas teñen unha relación directa co tema. |

| | | | |
|---|---|---|---|
| CORRECCIÓN (Léxico, gramática, ortografía, orde da frase, morfosintaxe) | Presenta erros gramaticais, e/ou ortográficos, e o vocabulario non é o adecuado. Non segue as pautas para a construción de frases o que impide a comprensión do texto. | Ten algún erro ortográfico ou de conxugación verbal e concordancias pero a frase sigue unha orde e enténdese a mensaxe. | Ten poucos erros na morfosintaxe, os erros son máis ben ortográficos. Pode ter algún erro de diferente índole pero o texto enténdese sen problema. |
| CONSTRUCIÓN e ORGANIZACIÓN do texto (cohesión e coherencia) | As ideas non se presentan nunha orde lóxica. Non ten coherencia. Transición entre parágrafos pobre. Moitos fragmentos ou frases incompletas. Erros de puntuación, non usa elementos de cohesión e non sempre o vocabulario é o apropiado. | As ideas presentan unha orde lóxica, teñen coherencia pero a transición das ideas entre os parágrafos non é a correcta. Hai algún erro na estructura das oracións, na puntuación ou no uso dos conectores que non dificulta a comprensión das ideas que vehicula o texto. | As ideas seguen unha orde lóxica, teñen coherencia e a transición das ideas é fluida. A orde dos parágrafos reforza o contido. A sintaxe é bastante correcta ainda que pode ter algún erro no tipo de conector ou de puntuación. |
| CREATIVIDADE E ORIXINALIDADE | O texto é anodino. Non aporta ningunha idea original. | O texto é correcto pero carece de orixinalidade salvo nalgunhas ideas. | O texto é rechamante e orixinal aínda que as veces demasiado sinxelo e fai que se perda interese. |

### B- Competencia de aprender a aprender

A materia de francés contribúe de xeito esencial ao desenvolvemento da **competencia de aprender a aprender (CAA)** posto que acrecenta a capacidade lingüística xeral, conferíndolle novas potencialidades e recursos para a comprensión e expresión, facilitando ou completando a capacidade dos alumnos para interpretar ou representar a realidade. O desenvolvemento de estratexias diversas organización de ideas, elaboración de resumos, traballo individual e en grupos , xunto cunha reflexión profunda sobre a súa propia aprendizaxe, prepara o alumnado de forma progresiva na toma de decisións que favorecen a súa autonomía para utilizar e para seguir aprendendo a segunda ou primeira lingua estranxeira ao longo da vida.

| ESCALA DE OBSERVACIÓN PARA A COMPETENCIA DE APRENDER A APRENDER | | | |
|---|---|---|---|
| **CRITERIOS** | **NUNCA**<br>**INSUFICIENTE**<br>**1- 4** | **ÁS VECES**<br>**SUFICIENTE (Grao mínimo)**<br>**5-6** | **CASE SEMPRE**<br>**NOTABLE**<br>**7-8** |
| É consciente das súas capacidades de aprendizaxe e esfórzase en melloralas. | | | |
| Amosa interese e curiosidade por ampliar os seus coñecementos. | | | |
| É quen de planificar e organizar actividades a curto, medio e longo prazo, priorizándoas por orde de importancia. | | | |
| Desenvolve estratexias variadas de asimilación de conceptos e actitudes. | | | |
| Reflexiona sobre o proceso da aprendizaxe e sobre as posibles melloría da mesma. | | | |
| Amosa ter interiorizado os conceptos e actitudes aprendidos previamente. | | | |
| É quen de amosar un pensamento crítico e aplicalo en diversas situacións. | | | |
| É quen de tomar decisións para acadar os obxectivos. | | | |

### C- Competencias sociais e cívicas

Esta materia tamén facilita o desenvolvemento das **Competencias sociais e cívicas (CSC)**. As linguas permiten aos falantes integrarse socialmente, sentirse parte dunha cultura e identidade común, pero tamén descubrir outros modos de vida que abren a súa mente, fomentan o pensamento crítico, favorecen o respecto, o recoñecemento e a aceptación das diferenzas culturais e de comportamento.

Aparte da debida aplicación dos dereitos e deberes de convivencia na propia aula, cómpre destacar especialmente no estudo das linguas estranxeiras o **traballo en grupo e en parellas**. A través destas interaccións, apréndese a participar, a expresar as ideas propias e a escoitar as dos demais, desenvólvese a habilidade para construír diálogos negociar significados, tomar decisións valorando as achegas dos compañeiros, conseguir acordos e, en definitiva, aprender de e cos demais.

| ESCALA DE OBSERVACIÓN PARA O TRABALLO EN GRUPO | | | |
|---|---|---|---|
| **CRITERIOS** | **NUNCA INSUFICIENTE 1- 4** | **ÁS VECES SUFICIENTE (Grao mínimo) 5-6** | **CASE SEMPRE NOTABLE 7-8** |
| O alumno fai suxestións para que o traballo sexa eficaz. | | | |
| O traballo realizado é de boa calidade. | | | |
| O alumno escoita, comparte e apoia o traballo dos demais. Esfórzase por manter os membros do grupo unidos. | | | |
| Achega ideas útiles, participa activamente nas discusión e posiciónase como líder. | | | |
| Xestiona o tempo con eficacia para garantir que as tarefas se entreguen a tempo e non molestar os avances do grupo. | | | |
| Amosa unha actitude positiva cara ao traballo e non critica o dos demáis. | | | |
| Busca solucións aos problemas que van xurdindo. | | | |
| Mantense concentrado en todo momento e traballa de forma autónoma. | | | |
| Trae o material e ven preparado para traballar. | | | |
| O traballo realizado polo alumno ocupa una boa parte do produto final. | | | |

### D- Competencia dixital.

As tres competencias que acabamos de citar están en relación directa coa competencia dixital (CD). As tecnoloxías da información e a comunicación ofrécennos a posibilidade de comunicarnos en tempo real con calquera parte do mundo e tamén o acceso sinxelo e inmediato a un fluxo incesante de información que crece cada día. O coñecemento do francés facilita o acceso á información que se pode atopar nesa lingua (á vez que ofrece a posibilidade de utilizala na comunicación persoal a través do correo electrónico ou en intercambios con mozos doutros lugares), creando contextos reais de interacción oral e escrita.

Así mesmo, e na medida en que a lingua estranxeira esixe o contacto con modelos lingüísticos moi diversos, a utilización de recursos dixitais para a aprendizaxe é inherente á materia. A elaboración de material dixital

(para facer presentacións ou para mandar a outros alumnos) tamén contribúe directamente ao desenvolvemento desta competencia.

### E- Competencia de conciencia e expresións culturais

O currículo de francés inclúe especificamente un achegamento a manifestacións culturais e sociais propias da lingua e dos países nos que se fala; xa que logo, contribúe a adquirir a **competencia da conciencia e expresións culturais (CCEC)** ao propiciar a paulatina aproximación e valoración de obras, monumentos, composicións ou autores que contribuíron á creación artística e histórica.

Así mesmo, participa no desenvolvemento desta competencia ao potenciar a expresión das opinións, gustos e emocións que producen as manifestacións culturais e artísticas e ao favorecer traballos creativos individuais e en grupo, tales como a procura de información ou a realización e representación de simulacións e narracións. En definitiva, a segunda ou primeira lingua estranxeira achegan o alumnado ao coñecemento e a apreciación da diversidade cultural a partir de manifestacións artísticas, contribuíndo ao desenvolvemento da citada competencia.

| CCEC | Suspenso (0-4) | Aprobado (5-6) | Notable (7-8) | Sobresaliente (9-10) |
|---|---|---|---|---|
| **Coñece** e amosa respecto cara ao patrimonio cultural propio e ao dos países onde se fala a L.E., coñecendo os diferentes xéneros e estilos das belas artes (música, literatura, cine..) así como as manifestacións artístico culturais da vida cotiá (gastronomía, festas, folklore) | Non coñece, nin comprende as diferentes manifestacións culturais e artísticas. Non manifesta interese pola participación na vida cultural. | Coñece as diferentes manifestacións culturais e artísticas. | Coñece, comprende cunha actitude respectuosa, as dife-rentes manifestacións culturais e artísticas. | Coñece, comprende, aprecia e valora con espírito crítico, cunha actitude aberta e respectuosa, as diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilízaas como fonte de enriquecemento e goce persoal e considéraas como parte da riqueza e patrimonio dos pobos. |
| **Aplica habilidades** de pensamento, comunicativas e de sensibilidade e sentido estético, desenrolando a imaxinación e creatividade para construír as súas mensaxes | Carece de creatividade para construír as súas mensaxes. | Procura desenrolar a imaxinación para construír as súas mensaxes, aínda que sexa de xeito rudimentario. | Desenrola a imaxinación e a creatividade para construír as súas mensaxes e dotalas de sentido estético. | Elabora as súas mensaxes desenrolando a imaxinación e a creatividade aplicando habilidades de pensamento comunicativas e de sensibilidade e sentido estético |
| Respecta o dereito á **diversidade cultural,** o diálogo entre culturas e sociedades valorando sempre a liberdade de expresión . | Non comprende a importancia do dialogo entre culturas e non respecta as opinións dos outros | Comprende a importancia do dialogo entre culturas e respecta as opinións dos outros | Comprende e valora a importancia do dialogo entre culturas e respecta as opinións dos outros. | Comprende e valora moi positivamente a importancia do diálogo entre culturas e respecta sempre as opinións dos outros. |
| Amosa interese e respecto e goza das | Non amosa interese nin respecto polas obras | Amosa un certo interese e respecta as obras | Amosa interese e respecta e goza das | Amosa un grande interese e respecta sempre as |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| obras artísticas e culturais das sociedades onde se fala a L.E. | artísticas da cultura estranxeira | artísticas da cultura estranxeira | obras artísticas da cultura estranxeira | obras artísticas da cultura estranxeira gozando delas. |

### F- Competencia do sentido da iniciativa e espírito emprendedor

A contribución da materia de francés á adquisición da **Competencia do sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)** realízase en varios aspectos. O currículo fomenta o traballo cooperativo na aula, o manexo de recursos relacionados coa competencia artística e cultural, recursos persoais e habilidades sociais de colaboración e negociación, o que supón poñer en funcionamento determinados procedementos que permiten o desenvolvemento de iniciativas e a toma de decisións respecto da planificación, organización e xestión do traballo, propiciando así a autonomía e a iniciativa persoal.

## 3- CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA O CURSO

A área de **Francés** contribuirá a través dos seus 5 bloques que corresponden ao ensino da lingua a desenvolver nos alumnos e alumnas as capacidades que lles permitan ser cidadáns responsables e persoas realizadas.
Os obxectivos son os mesmos para toda a etapa pero segundo o curso no que nos atopemos darémoslle a complexidade propia do nivel.
Estes obxectivos da materia están relacionados cos obxectivos xerais e varían entre os cursos no seu nivel de complexidade.

### A- Comprensión das mensaxes orais

ESO: obxectivos xerais b, c, d, e, f,  i, j

2°BAC: a, b, c, f

### B- Produción oral

ESO: obxectivos xerais a, b, c, d, e, f, i, j

2°BAC: a, b, c, f

### C- Comprensión escrita

ESO: obxectivos xerais b, c, d, e, i, j

2°BAC: a, b, c, f

### D- Produción escrita

ESO: obxectivos xerais a, b, c, d, e, f, i, j

2°BAC: a, b, c, f

**E- Coñecemento da lingua e consciencia intercultural e plurilingüe**

ESO: obxectivos xerais a, c, d, i, o

2°BAC: a, b, c, f, p

### 2º, 4º ESO FR2 e FR1

| | **Obxectivos** |
|---|---|
| - Adquirir e desenvolver **hábitos de respecto e disciplina** como condición eficaz para a realización das tarefas educativas e desenvolver actitudes solidarias e tolerantes ante as diferenzas.<br>- Analizar mecanismos e **valores que rexen o funcionamento da sociedade**, en especial os relativos á súa vida cotiá, tendo sempre en conta dereitos e deberes dos cidadáns en cada unha das súas accións<br>- **Comprender e producir mensaxes orais** sinxelas na lingua estranxeira sobre si mesmo e o seu entorno coa corrección propia do seu nivel.<br>- **Comprender e producir mensaxes escritas** na L.E. sinxelas sobre si mesmo e o contexto máis inmediato coa corrección propia do seu nivel.<br>- Interpretar e producir con propiedade, autonomía e creatividade **mensaxes** sinxelos relativos a contextos inmediatos na lingua estranxeira que utilicen **códigos artísticos, científicos e técnicos**.<br>- Obter e seleccionar a información sinxela na L.E. para adquirir coñecementos con **sentido crítico** utilizando as **novas tecnoloxías**.<br>- Utilizar as **novas tecnoloxías** da información e comunicación nos procesos de ensinanza-**aprendizaxe.**<br>- Elaborar estratexias de **resolución de problemas** en linguas estranxeiras<br>- Formarse unha **imaxe axustada de si mesmo** con relación á nova lingua obxecto de estudo, tendo en conta as súas capacidades, necesidades e dando valor ao esforzó e traballo necesario tanto individual como en equipo necesario para superar as dificultades e vendo o **erro** como unha oportunidade de **aprendizaxe.**<br>- Coñecer as crenzas, actitudes e valores básicos da **nosa tradición** e analizalos criticamente e o patrimonio cultural e artístico e lingüístico de países francófonos e aprender a valorizar estes e os do seu propio país dándoo a coñecer a estranxeiros<br>- Estratexias de **resolución de problemas** noutras linguas**. Identificación** con outras linguas/ Identificación de **sons e grafías** na lingua estranxeira.<br>-**Respectar a diferencia** de sexos e a igualdade de dereitos e deberes na clase. Rexeitar todos os estereotipos q supoñan discriminación da muller. | **a,c**<br>**a,c**<br>**i**<br>**i**<br>i<br>**e,i**<br>**e**<br>**e**<br>**d**<br>**b,d,c**<br>**o,l**<br>**f, i**<br>**c** |

## 2º de BACHARELATO FR2 e FR1

| | Obxectivos |
|---|---|
| - Adquirir e desenvolver hábitos de **respecto** e **disciplina** na aula e no centro como condición eficaz para a realización das tarefas educativas e desenvolver **actitudes solidarias e tolerantes** ante as diferenzas. | a |
| - Analizar mecanismos e **valores** que rexen o funcionamento da sociedade, en especial os relativos á súa vida cotiá, tendo sempre en conta **dereitos e deberes dos cidadáns** en cada unha das súas accións . Adquirir os valores democráticos de respecto aos outros para ir formando unha **conciencia cívica**. | a, b |
| - Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na **mellora do seu contorno social** máis próximo. | a, c |
| - Ser quen de prever e **resolver** pacificamente os **conflitos** na aula e no centro para así resolver os persoais, familiares e sociais. Desenvolver o **espírito crítico** como mostra de **madureza persoal.** | b<br>c |
| - Fomentar a **igualdade** efectiva de dereitos e oportunidades entre **homes e mulleres**, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade. | f, m |
| - Comprender e producir de maneira fluída e con corrección **mensaxes orais** en conversas informais e formais de carácter xeral ou cotián. | f, n |
| - Comprender e producir de maneira fluída e con corrección **mensaxes escritas** en comunicacións informais e formais de carácter xeral ou cotián. | m |
| - Afianzar o **espírito emprendedor** con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, **traballo en equipo**, confianza nun mesmo e sentido crítico.(FR1) | n |
| - Desenvolver a **sensibilidade artística e literaria** iniciándose en diferentes representacións a través de materiais adaptados a súa idade e coñecemento da lingua valorando a arte como fonte de enriquecemento persoal (FR1) | f, p |
| - Valorar e amosar **respecto** cara as comunidades lingüísticas que falan outra lingua facendo das **diferenzas e similitudes** unha ponte cara a outras culturas e outras maneiras de pensar. | f, p |
| -Amosar como persoa plurilingüe que o coñecemento doutras linguas axuda a mellorar unha **competencia comunicativa integrada**. | |

## 4- METODOLOXÍA

**CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS.**

A metodoloxía xeral basearase na enfoque accional segundo as estratexias marcadas polo MCER e o Decreto 86/2015. Para a adquisición das estratexias necesarias para a adquisición dunha lingua: recepción, produción, interacción e mediación o Departamento proporá diferentes actividades (visuais, auditivas e kinésicas) adaptadas aos alumnos e a súa diversidade. Nestas actividades propostas traballaremos os cinco bloques recollidos no Decreto a través do logro dos estándares recollidos na lei.

Para lograr unha maior motivación, as actividades estarán adaptadas aos intereses do alumnado, á súa idade e ao deu entorno. Para isto, a comunicación coas profesoras e as avaliacións iniciais xogarán un rol moi importante.

Asemade, destacaremos dentro da metodoloxía o tratamento do erro, que será presentado como un medio de aprendizaxe e non como unha penalización. Na adquisición das linguas é moi importante o capacidade de expresarse sen medo a cometer erros e neste sentido, as profesoras animarán á expresión, sen cortes constantes para á corrección. Esta será tratada como un medio de reflexión sobre as posibles melloras que se levará a cabo como aprendizaxe significativa.

**A- Aspectos xerais**

Partir da competencia inicial do alumnado:

- Ter en conta a diversidade: respectar os ritmos e estilos de aprendizaxe.
- Potenciar as metodoloxías activas e participativas.
- Combinar traballo individual, en parella e cooperativo.
- Aprendizaxe, eminentemente practico, que desenvolva todas as destrezas lingüísticas.
- Papel activo do alumnado e papel facilitador do profesor/a.

**B- Estratexias metodolóxicas**

Como consideramos que a progresión en FLE é en espiral, estas actividades serán de diversa índole:

- iniciais ou de coñecementos previos
- de sistematización
- de ampliación de contidos estudados
- de consolidación de contidos anteriormente explicados
- de reformulación: variacións sobre o estudiado
- de avaliación
- de recuperación

Entre elas, podemos atopar:

- Definición e exposicións das tarefas a realizar.

- Actividades en parellas, pequeno grupo o grupo clase de mobilización de ideas previas. Toma de decisións en grupo.
- Lectura e análise de documentos, textos, prensa, etc.
- Elaboración de sínteses, resumos.
- Escoita activa.
- Actividades de expresión oral e escrita; interacción na aula.
- Búsquea de solucións, resolución de problemas, retos, proxectos.

**C- Exemplo de secuenciación de traballo na aula**

Motivación:

A partir dun imput de natureza diferente, actividade de mobilización de ideas previas. Información do profesor/a:

- Información básica para todo o alumnado.
- Información complementaria para reforzo e apoio, tanto en pequeno grupo cooperativo, como apoios individuais.
- Información complementaria para afondamento e ampliación.

Traballo do estudante, de maneira individual ou en pequeno grupo cooperativo:

- Reflexión sobre ideas previas. Posta en común.
- Búsquea eficaz de hipóteses para mobilizar novas aprendizaxes.
- Escoita activa. Interacción con fontes orais de información.
- Lectura e comprensión de textos en diferentes soportes e formatos.
- Formulación de dúbidas e verificación de hipóteses. Resolución de problemas.
- Análise de documentos, pequenas investigacións, etc.
- Organización da información. Actividades estruturais, dirixidas ou semidirixidas de expresión oral e/ou escrita.
- Interacción cos compañeiros. Actitude participativa e colaboradora nos traballos cooperativos. Mediación en caso de pequenos conflitos á hora de traballar en equipo.

**D- Outras decisións metodolóxicas**

- Agrupamentos: segundo as tarefas propostas: actividades en grupo-clase, traballos individuais, en parella ou pequeno grupo colaborativo e heteroxéneo.
- Emprego de metodoloxías activas nas que o alumnado sexa o centro da aprendizaxe; nas que se propicie un clima de confianza e de interacción: profesor-alumno/a, alumnado-alumnado, alumno/a-alumno/as (pequeno grupo, grupo clase) e permitan a negociación dos contidos que se van desenvolver. **Por mor da actual situación, todas las actividades estarán a disposición do alumnado a través da Aula Virtual do centro para poder fronte a eventuais faltas de asistencia por parte de algún deles.** As profesoras farán o acompañamento no traballo axeitado para este alumnado.

**E- Ensino presencial:**

A programación deste curso 2022/2023 xa non estará supeditada ó contexto da Covid-19 dos 2 cursos anteriores polo que o ensino será totalmente presencial salvo casos puntuais nos que haxa que recorrer ó ensino semipresencial ou online e que serían escenarios tratados no Departamento de Francés e coa Dirección do centro. Aínda así, a materia de Francés 2º Lingua estará presente na aula virtual de cada curso onde se desenvolverán actividades e materiais variados e diversos

## 5- CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

Por cuestións de presentación desta programación, os estándares de aprendizaxe, a temporalización, o grado mínimo de consecución, o peso na avaliación de cada estándar e os procedementos e instrumentos de avaliación dos mesmos se presentan no **ANEXO**

**Avaliación inicial:** ao principio de curso avaliarase a situación inicial do alumnado, non tanto para establecer un nivel medio senón, e principalmente, co fin de obter información sobre os seus coñecementos previos e en función deles establecer a práctica concreta para cada grupo.

**A avaliación será continua** e realizarase a través de actividades que serán unha continuidade da práctica diaria da clase e de probas parciais puntuais, que será como mínimo unha por trimestre, que reflectirán aqueles contidos traballados na aula, que estarán graduadas de menor a maior nivel de dificultade, e que integrarán e implicarán, na medida do posible, a utilización das distintas destrezas. O alumnado será cualificado de 1 a 10 en cada unha das avaliacións, segundo a normativa vixente.

Na avaliación atenderase tanto á expresión oral coma á escrita, o que non evita que, en función dos cursos, na organización das actividades se lle dea unha maior importancia nun momento determinado a unha destreza sobre outra. Ao longo do curso, o alumno entregará o seu caderno persoal; valorarase nel a presentación clara, limpa e ordenada e se lle poderá atribuír unha nota.

O alumnado realizará actividades de **autoavaliación**, tanto no momento da avaliación inicial para que sexa consciente do que xa sabe, é dicir dos seus coñecementos previos, como durante o desenvolvemento do traballo na aula.

Nas tarefas que deberán realizar, pediráselles, dependendo dos cursos, que:

**Para a Eso:**

- ☑ Comprendan mensaxes orais e escritos breves e sinxelos sobre temas que lles sexan coñecidos, falando amodo e con claridade cando se trata de mensaxes orais.
- ☑ Participen de forma comprensible en diálogos breves relativos a situacións coñecidas, empregando estruturas sinxelas e as expresións máis usuais da relación social e adecuando a súa mensaxe á situación de comunicación.
- ☑ Redacten mensaxes comprensibles, breves e sinxelos, sobre temas cotiáns, utilizando o léxico apropiado e respectando as regras básicas da comunicación escrita.
- ☑ Lean individualmente textos sobre temas coñecidos ou relacionados con materias do currículo con apoio visual, amosando a súa comprensión mediante tarefas nas que deberán poñer en relación, por exemplo, imaxes e texto.
- ☑ Memoricen pequenos textos, poemas… que recitarán ou interpretarán de maneira comprensible.
- ☑ Identifiquen, utilicen e poñan exemplos dalgunhas estratexias utilizadas para progresar na aprendizaxe.
- ☑ Identifiquen algúns elementos culturais ou xeográficos propios dos países e culturas onde se fala a lingua estranxeira e amosen interese por coñecelos.

- ☑ O traballo escrito sobre o libro de lectura obrigatoria. Para a súa realización se chegará a un acordo co alumno: propoñerase un resumo de cada capítulo, actividades que faciliten a comprensión do libro ou un traballo máis global segundo unha guía de lectura que facilitará a profesora.
- ☑ Unha ficha sinxela sobre cada unha das películas que se verán durante o curso. Comprenderá por exemplo unha ficha técnica, unhas preguntas concretas sobre a trama e os personaxes, un resumo da trama, a descrición dun personaxe e a opinión persoal.
- ☑ Teremos en conta ademais a participación do alumno na clase, a contribución ao traballo do grupo, o respecto aos compañeiros e ao profesor e a súa contribución ao normal desenvolvemento da clase.

**<u>Para Bacharelato</u>**

- ☑ A realización de actividades de diferente tipos (comprensión oral e escrita, redacción de escritos, exercicios de expresión oral, análise de documentos...) Estas tarefas levaranse a cabo durante a clase ou faranse como deberes na casa.
- ☑ A participación activa na clase intercambiando opinións, debatendo, conversando con razoable fluidez e corrección gramatical.
- ☑ O traballo escrito sobre o libro de lectura obrigatoria. Para a súa realización se chegará a un acordo co alumno: propoñerase un resumo de cada capítulo, ou un traballo máis global segundo unha guía de lectura que facilitará a profesora.
- ☑ Unha ficha sobre cada unha das películas que se verán durante o curso. Comprenderá: ficha técnica, resumo da trama, descrición dun personaxe e opinión persoal.
- ☑ Modelos de probas dos exames para o acceso a Universidade (Pau)
- ☑ Probas de comprensión oral sobre temas coñecidos e dos modelos da Pau

Tendo en conta todos estes aspectos avaliados, o alumno que ó final do trimestre acada unha avaliación negativa non terá soamente que revisar contidos de vocabulario, gramaticais, de morfoloxía e sintaxe, senón que terá que modificar as súas estratexias de traballo e participación na clase. Para afianzar os contidos dispón de actividades no seu caderno de exercicios que pode realizar individualmente. Non se prevén exames de recuperación deses contidos, sen embargo ó longo de todo o curso se revisarán e reutilizarán, polo que eses alumnos terán ocasión de traballalos de novo e superar as posibles lagoas que puideran existir. É moi importante, sen embargo para elo que corrixan e modifiquen os seus métodos de traballo e actitude, tarefa na que o profesor deberá incidir.

O alumnado será cualificado de 1 a 10 en cada unha das avaliacións, segundo a normativa vixente.

Para a cualificación faremos a seguinte porcentaxe:

- **Un 70%** da nota corresponderá ás notas acadadas nos exames ou probas específicas e obxectivas onde se avaliarán as 4 competencias da lingua: comprensión e expresión oral e escrita. O peso de cada competencia lingüística será establecido de antemán en cada proba ou exame.
- **Un 20%** : traballos ou proxectos (individuais u en grupo), redaccións, fichas complementarias e traballo do libro de lectura.
- **Un 10%**: corresponde á observación sistemática e diaria do alumnado no diario do profesor: colaboración, conservación do material, caderno, participación, traballo diario, esforzo persoal, creatividade, colaboración, puntualidade nas entregas, atención na aula, seguimento das instrucións do profesor e actitudes emprendedoras e respectuosas. Todo esta información está recollida no diario do profesor e avalíase mediante unha rúbrica.

O peso ou valor en porcentaxe de cada avaliación é o seguinte: **1ª avaliación (30%), 2ªavaliación (30%) e 3º avaliación (40%).**

Se, por motivos extraordinarios (ausencia por enfermidade do alumno ou outro particular) non se puidese realizar a proba dalgún apartado, o alumno será cualificado polas notas e observacións recollidas polo profesor obtidas durante avaliación continuada.

Se un alumno/a falta a unha proba/exame por motivos de saúde, seguirase o protocolo aprobado na CCP e claustro.

O alumno deberá entregarlle ao titor ou ao profesor un xustificante médico da súa ausencia para que se lle poida realizar esa proba/exame cando regrese ao centro. A proba/exame realizaráselle despois do regreso do alumno. Se o alumno non trouxese xustificante da falta de asistencia, non se realizará esa proba/exame e o alumno sería cualificado coas demais notas obtidas ao longo do trimestre.

Esta programación non prevé recuperación das avaliacións non superadas debido ó carácter da avaliación continua.

**O alumnado de 2º ESO / 4º ESO** que non supere a materia (estándares de aprendizaxe mínimos segundo os criterios de cualificación establecidos nesta programación) na 3ª avaliación ou avaliación final e tendo en conta os criterios de avaliación anteriormente citados no punto anterior (avaliación continua, porcentaxes, etc.) deberá presentarse a una proba/ exame de carácter global con contados mínimos esixibles. Nesta proba avaliarase a comprensión e expresión escritas e haberá contidos sobre vocabulario e gramática. Tamén se fará unha proba de expresión oral e de comprensión oral se fose necesario, en casos puntuais onde o alumno tivese que recuperar esta parte.

Nalgúns casos, para atender á diversidade, poderase pedirlle ao alumno a realización dun caderno de actividades ou a realización dalgunha tarefa.

Cualificación das probas:

- O alumno será cualificado de 0 a 10 en cada unha das probas.

Todas as probas, traballos serán entregados a bolígrafo con indicación clara: do nome, apelidos, curso e grupo do alumno/a. As tarefas ou proxectos deberán seguir as instrucións que sinale o docente no seu momento.

**O alumnado de 2ª Bacharelato** que non supere a materia (estándares de aprendizaxe mínimos segundo os criterios de cualificación establecidos nesta programación) na 3ª avaliación ou avaliación final ordinaria e tendo en conta os criterios de avaliación anteriormente citados no punto anterior (avaliación continua, porcentaxes, etc.) deberá presentarse á convocatoria una proba/ exame de carácter global con contados mínimos esixibles na convocatoria extraordinaria de avaliación. Nesta proba avaliarase a comprensión e expresión escritas e haberá contidos sobre vocabulario e gramática de acordo cos contidos esixidos para a ABAU.

## 6- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

As capacidades e os coñecementos dos nosos alumnos, son en moitas ocasións moi diferentes. Ao longo dos distintos cursos, temos alumnos que non só teñen mais dificultades á hora de asimilar coñecementos. Contamos tamén con alumnos que chegan a un curso sen ter feito o anterior.

Para atender a este tipo de alumnado, os contidos, a metodoloxía e os materiais curriculares adecúanse; iso implica unha intervención aberta, de forma que os compoñentes da Programación didáctica poden variar segundo as singularidades destes alumnos.

### A- Atención á diversidade na metodoloxía

Corresponde ao profesor do grupo detectar deficiencias ou sobredotación dos alumnos e ver en que grao necesitan apoio extraordinario. Partindo dos contidos mínimos procuramos ao longo do curso escolar:

- Facilitar estratexias aos alumnos que teñen mais dificultades.
- Propoñer actividades complementarias en función dos coñecementos (por encima ou por debaixo).
- Motivar aos alumnos mellor dotados ou mellor formados confiándolles tarefas con maior grao de dificultade de xeito que enriquezan a súa aprendizaxe.
- Para os alumnos que non cursaran francés en anos anteriores e/ou teñen un nivel mais baixo ca o resto do grupo, adaptaránselles os contidos facéndolles asequible a materia dese curso e proporáselles material complementario para subsanar as carencias. Avaliaráselles en función da súa actitude e da súa progresión persoal ao longo de todo o curso.

En resumo, trataremos de axustar na medida do posible, a axuda pedagóxica ás diferentes necesidades do noso alumnado e facilitarlles recursos e estratexias variadas.

### B- Atención á diversidade en alumnos con dificultades

Corresponderá ó profesor a graduación e categorización das dificultades nas actividades de xeito que introduza as variacións convintes e acomode a súa metodoloxía ás necesidades do seu alumnado, establecéndose, nos materiais elexidos, repertorios de actividades de baixa, media ou alta complexidade.

- Actividades de reforzo / fotocopias de actividades entregadas polo profesor o Estudio dos contidos gramaticais e do vocabulario básicos o Realización de diversos exercicios de comprensión oral e escrita.

### C- Actividades de ampliación

Finalmente, para os alumnos que progresan satisfactoriamente nos niveis básicos ofréceselles en cada Unidade didáctica actividades de ampliación:

- Mediante actividades complementarias de progresiva dificultade con respostas integradas, que permiten a profundización dos coñecementos adquiridos á vez que facilitan a autoevaliación.
- Realización de lecturas voluntarias.
- Realización de audicións voluntarias.
- Adaptacións curriculares

Coas indicaciones do Departamento de Orientación, o Departamento de Francés elaborará adaptaciones curriculares a aqueles alumnos que manifesten dificultades especiales de aprendizaxe ou de integración na actividade ordinaria do centro, dos alumnos de alta capacidade intelectual e dos alumnos con discapacidade. O noso Departamento dispón de materiais específicos cun grao de dificultade menor ao establecido , e otros dunha dificultade maior.

### D- Plan de Pendentes

Estes alumnos poden atoparse en dous casos:

- Aqueles que cursen Francés no presente curso, serán avaliados da seguinte forma:
    - Cada trimestre realizarán unhas actividades de recuperación que a profesora lles entregará. A nota trimestral será a nota acadada nestas actividades.

- Se nos dous primeiros trimestres acadaron unha nota satisfactoria na asignatura de Francés do presente curso e ademáis teñen aprobadas as actividades de recuperación deses dous primeiros trimestres, se entende que teñen a asignatura pendente aprobada.
- No caso contrario farán actividades de recuperación para o terceiro trimestre e un exame no mes de maio na data que estableza a Xefatura de Estudos. O resultado final será a media desas dúas notas.

♦ Aqueles que xa non cursen Francés:

- Cada trimestre realizarán unhas actividades de recuperación que a profesora lles entregará. A nota trimestral será a nota acadada nestas actividades.
- Realizarán un exame final no mes de maio. Esa proba comprenderá os contidos traballados nas actividades. O resultado final será unha media da nota dese exame e das notas das actividades.

En ámbolos casos, se os alumnos non entregan as actividades do primeiro trimestre, no poden facer as actividades do segundo e terceiro trimestre e polo tanto teñen que facer o exame de maio na data que estableza a Xefatura. Neste caso a nota da materia pendente corresponde a nota do exame.

No caso do **ensino online**:

O alumnado coa materia pendente, terá que realizar un boletín de actividades por trimestre, que será entregado mediante a aula virtual, correo o por outros medios segundo as posibilidades das familias nas datas indicadas polo profesor. Sempre se terá en conta os boletíns feitos e entregados presencialmente, é decir cando non había confinamento e estabamos cun ensino presencial ou semipresencial.

Se os boletíns están ben realizados e entregados en prazo farase a ***media aritmética das actividades entregadas***.

No caso de non entregar os boletíns ou que non estean ben feitos, o alumnado terá que realizar unha proba escrita no mes de maio cuxa data será fixada por X.E.

### E- Alumnos repetidores

Prestaremos especial atención aos **alumnos repetidores.** Procuraremos integralos na marcha da clase animándoos a intentalo de novo. Nas probas de diagnóstico teremos moi en conta os seus coñecementos previos. A partir de aí intentaremos reforzar a súa base ben con algunhas tarefas distintas ou adaptándolles a materia.

Procuraremos que non se distraian durante a clase e controlaremos especialmente a súa tarefa, os seus traballos e as súas notas. Comentaremos calquera incidencia co titor ou titora para que sempre estean ó corrente da súa marcha e poida actuar coordinando a actuación de pais e profesores para lograr que superen as dificultades.

As medidas de atención á diversidade estarán orientadas a responder ás necesidades educativas concretas do alumnado e á consecución das competencias básicas e o dos obxectivos da educación secundaria obrigatoria e non poderán, en ningún caso, supoñer unha discriminación que lles impida alcanzar os devanditos obxectivos e a titulación correspondente.

## 7- ACCIÓNS DE EDUCACIÓN EN VALORES E DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA.

O estudio dunha lingua estranxeira non se cingue exclusivamente á presentación dun sistema lingüístico e as súas regras, senón que, tomando a competencia lingüística como punto de partida, ofrece a posibilidade de **dar unha dimensión integradora** da aprendizaxe, presentando o seu proceso como un todo que non pode prescindir dos seus elementos.

A incorporación de materias transversais na clase de idioma permite exercitar no só as capacidades intelectuais dos alumnos, senón tamén as capacidades afectivas, de relacións interpersoais, de inserción social, de solidariedade.

**A transversalidade** pretende que os alumnos exerciten **o seu xuízo crítico** sobre problemas e conflitos sociais e poidan ter un comportamento baseado en valores.

Na materia de Francés pretendemos ensinar aos nosos alumnos, a lingua e a cultura dos países francófonos e ó facelo, o alumnado debe cuestionarse sobre a nosa propia **cultura ó** comparar costumes e hábitos de vida diferentes aos nosos.

Nos diferentes cursos trátanse temas transversais que educan aos alumnos en **valores democráticos** que pretendemos inculcar:

- **Educación para a paz** e a convivencia.
- **A solidariedade.**
- **A xustiza**
- **O respecto** cara os demais.
- **A igualdade** entre homes e mulleres
- **Educación medioambienta**l: reflexionando sobre a necesidade de coidar o planeta, a natureza que nos rodea, as cidades onde vivimos e que visitamos.
- **Educación para a Saúde**: fomentando o deporte así como unha boa alimentación.
- **O consumo** responsable, as compras.
- **A educación vial**.
- **Tolerancia:** respecto cara as persoas sen importar raza, sexo ou condición social.
- **Liberdad**e: oposición a todo tipo de escravitude.

## 8- ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC DO CENTRO

Para impartir un lingua estranxeira, hoxe en día é imprescindible o uso das **TIC**, xa que isto supón un contacto coa realidade e unha inmersión total na cultura e na lingua.

Neste momento no centro dispoñemos de **ordenador** na aula, ademais de **encerado dixital.** Por outra parte, case todos os nosos alumnos dispoñen de un ordenador persoal nas súas casas.

Os alumnos de cursos mais avanzados terán que facer **unha ou dúas audicións mensuais seguindo os modelos do DELF B1 ou B2** e completar os exercicios correspondentes para comprobar o nivel de comprensión. Así mesmo terán que preparar exposicións sobre temas concretos para as que precisarán de todos os recursos que ofrece Internet.

Tamén se traballará con cancións, vídeos, películas ou documentos auténticos que servirán para practicar a comprensión oral.

## 9- ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR E PROXECTO LINGÜÍSTICO DO CENTRO.

O traballo dunha lingua estranxeira contribúe dunha forma moi directa na adquisición da competencia lingüística. Sobre **un 75% do tempo** de clase está dedicado a esta actividade.

En todos os cursos incorporaráse un libro de lectura adaptado e textos de narrativa, poesía, relato, artigos, etc. a través dos que intentaremos fomentar o hábito da lectura e a aprendizaxe da lingua estranxeira e doutras aprendizaxes transversais. Non descartamos para isto contar coa colaboración doutros departamentos do centro. Tamen se intentar iniciar algunhas sesións dedicando polo menos 10 minutos á lectura do documento presentado ao alumno. Realízase **unha lectura en voz alta** con varios obxectivos: a comprensión do documento e a adquisición da pronunciación e a entoación adecuadas asociando a grafía e a pronunciación. En todos os cursos esta lectura vai **acompañada da audición** de documentos adecuados ao traballo. A maioría dos textos propostos van acompañados de preguntas de comprensión ou de imitación de estruturas.

### A- Tipos de lectura que se practican na clase de francés

Lectura comprensiva de diálogos, de explicacións gramaticais baseadas na dedución, de material diverso: textos introducindo a civilización dos países francófonos, bibliografía de autores, relato dunha experiencia persoal, de textos que incrementan a súa dificultade progresivamente dentro de cada manual e dun nivel ao outro.

- Dramatización de diálogos propostos e interpretación oral de diálogos creados polos alumnos.
- Lectura en voz alta para adquirir unha correcta pronunciación e unha entoación adecuada.
- Lectura silenciosa dirixida á comprensión dos diferentes documentos: textos explicativos, diálogos.
- Relatos, carteis informativos...
- Lectura comprensiva das actividades propostas.
- Lectura persoal optativa dunha obra literaria adaptada ao nivel do alumnado con control de comprensión da mesma.

### B- Lecturas recomendadas e voluntarias

Pretendemos **fomentar** a Lectura como un instrumento de disfrute persoal, propoñendo a lectura de libros axeitados na súa forma e contido aos interese dos alumnos. Seleccionamos un nivel algo inferior ao que eles teñen, para que non atopen demasiadas dificultades que acaben por desmotivalos. Reservaremos un tempo de lectura para estes libros ou outros textos que o profesor considere oportunos, deixando o momento exacto a criterio do profesor.

Recomendaremos diversos títulos de diferentes editorias dos **niveis A1, A2, B1 e B2**:

- De nivel inferior para alumnado con desfase curricular ou necesidades educativas especiais.
- De nivel superior, para alumnos que necesitan un enriquecemento curricular.
- Para alumnado con escasa motivación, títulos que sexan do seu agrado e que estean dispoñibles no departamento.

Propoñemos algúns títulos, pero poderíase cambiar algún ou engadir outros tendo en conta o interese dos alumnos.

**Lecturas adaptadas:**

| | |
|---|---|
| **Nivel A1** | *Énigme en Périgord* ,L. Parodi, Marina Vallaco |
| | *Lancelot,* Chétien de Troyes |
| | *Lettres de mon moulin*, Alphonse Daudet |
| | *Zorro*, Johnston MacCulley |
| | *La Momie du Louvre*, Régine Boutégège, Susanna Longo |
| | *La Belle et la Bête*, Jeanne Marie Leprince de Beaumont |
| **Nivel A2** | *Deux ans de vacances*, Jules Verne |
| | *Le Grand Maulnes*, Alain Fournier |
| | *Jeanne d'Arc,* |
| | *Du lait au Fiel*, Lidia Parodi, Marina Vallacco |
| | *La Griffe*, Régine Boutégêge |
| **Nivel B1** | *Le fantôme de l'opéra*, Gaston Leroux |
| | *Carmen*, Prosper Mérimée |
| | *Le comte de Monte-Cristo*, Alexandre Dumas |
| | *Les Misérables*, Victor Hugo |
| | *Notre-Dame de Paris*, Victor Hugo |
| | *Le tour du monde en 80 jours*, Jules Verne |
| | *Les trois Mousquetaires,* Jules Verne |
| | *Voyage au centre de la terre*, Jules Verne |
| **Nivel B2** | *Double Assassinat dans la Rue Morgue*, Edgar Allan Poe |
| | *Le Mystère de la Chambre Jaune*, Gaston Leroux |

Animarase aos alumnos a que lean, **de modo voluntario**, estas ou outras obras ofertadas polo Departamento.

## 10- MATERIAIS DIDÁTICOS.

Os principais materiais e recursos didácticos propios do Departamento de lingua francesa son os seguintes:

- O alumnado utilizará de **2ºESO** utilizará o libro de texto **CLUB PARACHUTE (Santillana)** cedido polo Departamento de Francés e terá que mercar o caderniño de exercicios correspondente "CAHIER D'EXERCICES"**.**

- **En 4º ESO E en 2º de BACHARELATO** empréganse os materias elaborados polas profesoras do departamento e seguimos como referencia os manuais "CLUB PARACHUTE" para 4ºESO e "Nouvelle Génération A2-B1" para 1º BACH.
- Para cada nivel imos utilizar **material complementario** elaborado polos profesores, fichas, xogos, cancións, vídeos, recortes de prensa, mapas, debuxos, etc.

Faremos uso tamén do ordenador para poder ver vídeos musicais ou para buscar información concreta sobre algúns temas de cultura e tradicións nos países de fala francesa.

Outros materiais e recursos didácticos que se utilizarán son os seguintes:

Libros de apoio tipo:

- **DELF A1 scolaire et junio**r da editorial Didier
- **DELF A2 scolaire e junior** da editorial Didier
- **DELF B1 scolaire et junio**r, Hachette
- **GÉNERATION LYCÉE 1, 2 et 3**, Santillana.

Contamos tamén con algúns **diccionarios de aula** e outros na biblioteca, **posters, mapas**, **planos**, **música, películas** que nos poden axudar moito na aprendizaxe diaria.

Ademais e sobre todo en 4º de ESO e en Bacharelato, deberíamos poder contar co seguinte material:

Básicos:

a) Dicionarios monolingües: Petit Robert, Larousse (Lexis), Nuevo dicionario de las dificultades del francés moderno de Joseph Hanse.

b) Dicionario de verbos: Bescherelle. La conjugaison pour tous.

Lecturas variadas e adaptadas a todos os niveles desde o de debutante: Nivel intro, A1, A2, ata o nivel B1,B2 **(Fomento da lectura).** Hai libros de lectura no departamento. Este apartado de lecturas adaptadas aos niveis A1, A2, B1 e B2 debe ser ampliado ao longo dos vindeiros cursos, para poder desenvolver o Plan lector, unha vez que este se concretice.

Entre a inmensa variedade de recursos dixitais existentes para a aprendizase do francés como lingua estranxeira (Recursos FLE) podemos destacar os seguintes:

Fle Fiches Pedagogiques
www.bonjourdefrance.com,
http://www.clicknlearn.net
www.club-forum.com
_http://www.info-europe.fr/
_http://www.clemi.org
http://mundivia.es/jcnieto/gramar/gramaire.htm
http://www.quid.fr/continents/
http://www.ciudadesdelmundo.net/
_http://www.sdv.fr/orthonet/
http://www.centros6.pntic.mec.es/eoi.de.hellin/recursosfrances.htm
http://acronymes.dico1.com
http://www.laits.utexas.edu/fi/home.html
www.allocine.fr

www.dromadaire.com
www.wikipedia.org
http://www.leconjugueur.com (verbes)
http://platea.pntic.mec.es/cvera/hotpot/exos/index.htm
http://www.tv5.org/TV5Site/jeunesse/quiz-860-5-langue-francaise.htm
http://www.orthogram.com
www.momes.net
www.paroles.net
http://www.longman-voila.com
http://phonetique.free.fr
www.didieraccord.com
www.webaction.net
www.boulevard.net
http://www.quid.fr/france.html
http://www.tv5.org

**Xornais franceses on- line**: Le Monde, Le Figaro, Libération, Le Midi libre, Nice matin, Le Parisien, Ouest-France, Nice matin (régionaux) www.lemonde.fr www.liberation.fr www.lefigaro.fr www.ouestfrance.fr

**Prensa xuvenil**:

www.l´étudiant.fr www.phosphore.com www.lavosvj.fr www.cosinus-mag.com

www.planete-jeunes.org

**Dicionarios online:**

www.wordreference.com/fres

www.larousse.fr/**dictionnaires/francais-espagnol**

www.lexilogos.com/**espagnol** langue **dictionnaires**

**Recursos audiovisuais:** de momento contamos con poucos DVD de cine francés en VO, pero iremos adquirindo algo do máis representativo

## 11- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

As actividades complementarias e extraescolares terán que concretarse en próximas reunións de departamento e de CCP constando nas actas nas actas de reunión mensual de departamento e na memoria final. As actividades para este curso que prevemos son as seguintes:

1ºTRIMESTRE: cine en francés (Alianza Francesa) en Vigo. Posible excursión a Vigo para ir a ó cine a ver unha película actual en francés. Esta actividade está proposta pola Alianza Francesa.

2ºTRIMESTRE: Intercambio de mails, correspondencia cun centro de secundaria francófono e a degustación de crêpes organizada por un nativo francés que ensina a arte de facer este prato tradicional.

3ºTRIMESTRE: DELF. Presentación ás probas do DELF.

## 12- PROCEDEMENTO E SISTEMA DE CONTROL, SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO GRAO DE CONSECUCIÓN DAS COMPETENCIAS BÁSICAS E OBXECTIVOS DA ETAPA, POR PARTE DO ALUMNADO:

- Produción de mensaxes sinxelas orais e escritas.
- Intercambios orais.
- Realización de actividades en parellas (xogos de memorización, intercambio de preguntas  respostas seguindo modelos…).
- Discriminación e repetición de sons.
- Repetición oral (palabras, frases, trabalinguas, cancións...).
- Lectura en voz alta.
- Cumprimentación de cadros e fichas.
- Confección de listas de palabras pertencentes a un determinado campo léxico.
- Extracción de informacións específicas en textos orais y escritos.
- Realización de actividades de verdadeiro ou falso, de clasificación, de encher ocos, de terminación de frases, de relación.
- Escoita e lectura simultáneas de micro-diálogos, conversas, cancións...
- Identificación de documentos auténticos (prensa xuvenil).
- Memorización de textos para a práctica da expresión oral.
- Observación e dedución das normas gramaticais e fenómenos lingüísticos.
- Dedución do significado dunha palabra pola súa similitude con palabras da lingua materna.
- Reflexión contrastiva lingua materna / francés.
- Recurso ao contexto visual para facilitara comprensión oral e lectora.
- Uso de técnicas de aprendizaxe.
- Utilización de estratexias lingüísticas e non lingüísticas para facilitar a expresión oral.
- Utilización dos cadros gramaticais do libro de texto.
- Recurso ó glosario temático del libro de texto para facilitar la expresión y/o comprensión.
- Autoavaliación e reflexión sobre a aprendizaxe.

## 13- PROCEDEMENTO E INDICADORES DE LOGRO PARA A AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE E DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.

Utilizaremos os indicadores que inserimos a continuación para comprobar se o nivel de dificultade foi o adecuado, se houbo participación, etc.

**A- Avaliación do proceso de ensino e da práctica docente**

**A.1 Indicadores de logro do proceso de ensino**: valoraranse de 1 a 4 os seguintes indicadores:

a.1. nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.

a.2. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.

a.3. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.

a.4. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.

**A.2 Indicadores de logro da práctica docente**: valoraranse de 1 a 4 os seguintes indicadores:

a.1. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.

a.2. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.

a.3. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.

a.4. Combínase o traballo individual e en equipo.

a.5. Poténcianse estratexias de animación á lectura.

a.6. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.

a.7. Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.

a.8. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos,etc.

**B- Avaliación da programación Didáctica**

A programación e o seu desenvolvemento serán obxecto de seguimento e avaliación específicos segundo o criterio consensuado dos membros do departamento. Para iso, este aspecto será tratado, analizado e recollido nas actas un mínimo dunha vez por trimestre durante as reunións de departamento.

As posibles modificacións da programación que se propoñan ao longo do curso, xunto coa súa xustificación, quedarán reflectidas no libro de actas e tamén na memoria final.

Na avaliación inicial da programación débese observar que a programación cumpre cos obxectivos planeados polo centro e pola Área lingüística. Así mesmo, ao longo do curso avaliarase a programación en todos os seus apartados en tres fases:

Nun primeiro momento será a **profesora** quen determinará o grao de cumprimento da programación inicial en cada grupo e as modificacións propostas nos diferentes apartados ao contrastala coa realidade na aula.

Posteriormente, nas **reunións de Departamento** concretaranse os cambios a realizar de forma illada nun grupo ou a nivel xeral en todo un curso.

Finalmente comentaranse os cambios que afecten a todo un curso nas reunións da Área onde se avalíe a idoneidade da programación e dos seus apartados contrastando os cambios propostos nas diferentes materias para mellorar o rendemento do alumnado dentro da Área Lingüística e poder tomar decisións para mellorar a programación no seu conxunto. Todo este seguimento verase tamén reflectido na Memoria final de departamento, onde se fai unha valoración da programación e as propostas para a mellora da mesma.

**Indicadores de logro:** valoraranse de 1 a 4 os seguintes indicadores:

- Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.
- Adecuación dos materiais didácticos utilizados.
- Adecuación do libro de texto (no caso de que se use).
- Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.
- Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.
- Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final (só para ESO e bacharelato).
- Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria. (só para ESO e bacharelato).
- Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes. (só para ESO e bacharelato).
- Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes (só para ESO e bacharelato).
- Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.
- Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.
- Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.
- Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.
- Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.

**C. <u>Constancia de información ao alumnado</u>**

Os primeiros día do curso, cada profesora do departamento informará aos alumnos e alumnas de todos os aspectos da programación. Dedicarase, xa que logo, unha parte importante da primeira sesión a mostrarlles basicamente os contidos obxecto de estudo incidindo sobre todo nos contidos mínimos, a súa **temporalización, a metodoloxía didáctica, os procedementos e os instrumentos de avaliación (tipos de probas), os criterios ou sistema de cualificación e o programa e/ou actividades de reforzo e recuperación de pendentes.**

Así mesmo, para completar este apartado, cada membro do departamento, incluirá outras indicacións que considere pertinentes (incluídas respostas ás posibles preguntas ou dúbidas do alumnado sobre o desenvolvemento xeral da materia nas clases), e aproveitará eses primeiros días para avanzarlles aos alumnos e alumnas a información sobre as **actividades complementarias e extraescolares** que o departamento ten previsto realizar no presente curso escolar.

Tamén, naturalmente, cada profesor indicará ao alumnado o material necesario para as clases e, se cómpre, asesoralo para que adquira o máis adecuado.

O profesor explicaralle e daralle por escrito aos alumnos as **normas** que se seguirán na clase así coma os **criterios de avaliación**.

Finalmente, daráselle unha breve información sobre a bibliografía que pode consultar para, chegado o caso, completar o estudo da materia.

# ANEXO

Criterios de avaliación e estándares mínimos esixibles

Actividades de aprendizaxe asociadas a cada bloque de contido

Temporalización dos estándares para cada curso.

| TEMPORALIZACIÓN, PONDERACIÓN E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DOS ESTÁNDARES DO CURSO | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **CURSO** | **2º ESO** | | | | | |
| **NIVEL** | 2º SECUNDARIA OBLIGATORIA | | **ÁREA** | Segunda lingua estranxeira (SLE) | | |
| **Criterio de avaliación** | **Estándares** | **Grao mínimo para superar a área**<br><br>Indicador mínimo de logro | **T 1** | **T 2** | **T 3** | **CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓn**<br><br>**Instrumentos de avaliación /**<br><br>**Procedementos de avaliación (%)*** |
| **Bloque 1: Comprensión de textos orais** | | | | | | |
| SLE-B1.2 | 2º-SLEB1.1 - Comprende preguntas básicas moi sinxelas e habituais sobre asuntos persoais ou educativos (información básica de carácter persoal, solicitudes de enderezo sinxelas a lugares moi coñecidos, etc.) sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e se repita se o necesita. | Comprende preguntas básicas moi sinxelas sobre asuntos persoais ou educativos (carácter persoal, solicitudes de enderezo sinxelas...) sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado e se repita se o necesita. | X | | | PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos.<br><br>INSTRUMENTOS: Entrevista. |
| SLE-B1.2 | 2º-SLEB1.2 - Comprende frases e expresións habituais relacionadas con necesidades | Comprende frases e expresións relativas ás necesidades inmediatas (datas, prezos, pequenas | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | inmediatas (datas, prezos, pequenas doenzas, etc.) e temas con que está moi familiarizado, e segue instrucións e consignas de aula. | doenzas) e temas con que está moi familiarizado, e segue instrucións e consignas de aula. | | | | INSTRUMENTOS: Escala de observación. |
| SLE-B1.3 | 2º-SLEB1.3 - Comprende o sentido global e a información máis salientable de textos orais procedentes de medios audiovisuais ou de internet, breves como instrucións e comunicados, con estruturas previamente traballadas, léxico moi común relacionado con necesidades inmediatas e accións presentes moi habituais, sempre que se fale de xeito moi pausado e ben articulado, e poida volver escoitar o dito. | Comprende o sentido global de textos orais breves procedentes de medios audiovisuais ou de internet, con estruturas previamente traballadas, léxico moi común e accións presentes moi habituais, sempre que se fale de xeito moi pausado e ben articulado, e poida volver escoitar o dito. | | | X | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br><br>INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. |
| SLE-B1.4 | 2º-SLEB1.4 - Comprende a información esencial en conversas breves e moi sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un/unha mesmo/a, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición moi básica dunha persoa, un obxecto ou un lugar, e estados de saúde, sensacións e sentimentos moi elementais. | Comprende a información esencial en conversas breves e moi sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares (un/unha mesmo/a, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición moi básica), e estados de saúde, sensacións e sentimentos moi elementais. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos.<br><br>INSTRUMENTOS: Xogos de simulación e dramáticos. |
| **Bloque 2: Produción de textos orais** | | | | | | |
| SLE-B2.1 | 2º-SLEB2.1 - Na maioría das actividades de aula, amosa unha actitude | Amosa intención de empregar a lingua en todo momento, aínda que teña que | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos. |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | positiva polo uso da lingua estranxeira en diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala aínda que teña que recorrer a outras linguas para pedir axuda ou aclaracións. | recorrer a outras lenguas para pedir axuda ou aclaracións. | | | | INSTRUMENTOS: Escala de observación. |
| SLE-B2.2 | 2º-SLEB2.2 - Utiliza de xeito espontáneo as formas de cortesía máis sinxelas e habituais relativas a saúdos, despedidas, agradecementos e presentacións, colaborando para entender e facerse entender, e fai e responde intelixiblemente preguntas sinxelas sobre si mesmo/a e sobre actividades moi comúns da vida social diaria e do tempo libre, en situacións de comunicación significativas para a súa idade e o seu nivel escolar. | Utiliza de xeito espontáneo as formas de cortesía máis sinxelas e habituais relativas a saúdos, despedidas, agradecementos e presentacións. Fai e responde intelixiblemente preguntas sinxelas sobre si mesmo/a e sobre actividades moi comúns da vida social diaria e do tempo libre, en situacións de comunicación significativas para a súa idade e o seu nivel escolar. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos. Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Producións orais. Escala de observación. |
| SLE-B2.3 | 2º-SLEB2.3 - Desenvólvese entendendo o suficiente e facéndose entender en situacións moi habituais relacionadas coa xestión e transaccións moi sinxelas relativas a necesidades inmediatas, nas que pide e dá información sobre lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades máis comúns para a súa idade e o seu nivel escolar. | Desenvólvese entendendo o suficiente e facéndose entender en situacións moi habituais relativas a necesidades inmediatas, nas que pide e dá información sobre lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades máis comúns para a súa idade e o seu nivel escolar. | | X | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos.<br><br>INSTRUMENTOS: Xogos de simulación e dramáticos. |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| SLE-B2.4 | 2º-SLEB2.4 - Participa en conversas informais breves e moi básicas, cara a cara, e reacciona adecuadamente para establecer contacto social elemental, intercambiar información moi básica, manifestar os seus gustos, facer invitacións e ofrecementos elementais (invitar a ir a unha actividade, pedir ou ofrecer algo na clase, etc.), e pedir e dar indicacións moi básicas para ir a un lugar. | Participa en conversas informais breves e reacciona adecuadamente para establecer contacto social elemental, intercambiar información moi básica, manifestar os seus gustos, facer invitacións e ofrecementos elementais e pedir e dar indicacións moi básicas para ir a un lugar. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos.<br><br>INSTRUMENTOS: Xogos de simulación e dramáticos. |
| SLE-B2.4 | 2º-SLEB2.4 - Preséntase e dá e obtén información básica e sinxela sobre si mesmo/a e sobre o funcionamento de bens e servizos relativos a temas moi cotiáns (horarios dun museo, maneira de chegar, etc.), en conversas moi básicas sobre temas predicibles, se pode solicitar, con preguntas sinxelas e directas, a colaboración da persoa interlocutora para entender e facerse entender. | Preséntase e dá e obtén información básica sobre si mesmo/a e sobre o funcionamento de bens e servizos relativos a temas moi cotiáns en conversas moi básicas sobre temas predicibles, se pode solicitar, con preguntas sinxelas e directas, a colaboración da persoa interlocutora para entender e facerse entender. | X | X | | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos.<br><br>INSTRUMENTOS: Producións orais. |
| **Bloque 3: Comprensión de textos escritos** | | | | | | |
| SLE-B3.1 | 2º-SLEB3.1 - Comprende con fluidez textos adaptados relativos a temas do seu interese. | Comprende textos adaptados relativos a temas do seu interese. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br><br>INSTRUMENTOS: Proba aberta. |
| SLE-B3.2 | 2º-SLEB3.2 - Comprende avisos, obrigas, prohibicións | Comprende avisos, obrigas, prohibicións e consignas básicas e | | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | e consignas básicas e predicibles, referidas a necesidades inmediatas, de estrutura moi sinxela, especialmente se contan con apoio visual. | predicibles, referidas a necesidades inmediatas, de estrutura moi sinxela, especialmente se contan con apoio visual. | | | | INSTRUMENTOS: Diario de clase. |
| SLE-B3.3 | 2º-SLEB3.3 - Comprende información básica e moi sinxela de correspondencia persoal breve na que se fala de si mesmo/a e sobre sentimentos, preferencias e afeccións, referidos a temas moi cotiáns e propios da súa idade. | Comprende información básica de correspondencia persoal breve na que se fala de si mesmo/a e sobre sentimentos, preferencias e afeccións, referidos a temas moi cotiáns e propios da súa idade. | X | X | | PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos.<br><br>INSTRUMENTOS: Posta en común. |
| SLE-B3.4 | 2º-SLEB3.4 - Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo moi sinxelo, e con apoio visual, sobre temas coñecidos como actividades escolares e de lecer, hábitos saudables, etc., próximos á súa idade e á súa experiencia. | Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo moi sinxelo, e con apoio visual, sobre temas coñecidos próximos á súa idade. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br><br>INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. Proba aberta. |
| **Bloque 4: Produción de textos escritos** | | | | | | |
| SLE-B4.1 | 2º-SLEB4.1 - Elabora textos sinxelos a partir de modelos, empregando expresións e enunciados traballados previamente, para transmitir información ou con intencións comunicativas propias da súa idade e do seu nivel escolar. | Elabora textos sinxelos a partir de modelos, empregando expresións e enunciados traballados previamente, para transmitir información ou con intencións comunicativas propias da súa idade e do seu nivel escolar. | | | X | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br><br>INSTRUMENTOS: Proba aberta. |
| SLE-B4.2 | 2º-SLEB4.2 - Completa un cuestionario sinxelo | Completa un cuestionario sinxelo con información | X | | | PROCEDEMENTOS: Cuestionarios |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | con información persoal moi básica e relativa aos seus datos persoais, aos seus intereses ou ás súas afeccións. | persoal moi básica e relativa aos seus datos persoais. | | | | INSTRUMENTOS: Cuestionario aberto. |
| SLE-B4.3 | 2º-SLEB4.3 - Escribe avisos, notas, instrucións, tarxetas postais, felicitacións, bandas deseñadas, tiras cómicas e mensaxes en soporte dixital moi sinxelas e breves, relativos a actividades presentes e a necesidades inmediatas. | Escribe tarxetas postais, felicitacións, bandas deseñadas, tiras cómicas e mensaxes en soporte dixital moi sinxelas e breves, relativos a actividades presentes e a necesidades inmediatas. | | X | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos.<br><br>INSTRUMENTOS: Textos escritos. |
| SLE-B4.4 | 2º-SLEB4.4 - Escribe correspondencia moi breve e sinxela, a partir dun modelo, substituíndo unha palabra ou expresión por outra para unha funcionalidade ou tarefa determinada (informar, preguntar, invitar, etc.) tanto de forma manuscrita como en formato dixital, cunha presentación limpa e ordenada. | Escribe correspondencia moi breve e sinxela, a partir dun modelo, substituíndo unha palabra ou expresión por outra para informar, preguntar ou invitar de forma manuscrita ou en formato dixital, cunha presentación limpa e ordenada. | X | X | | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br><br>INSTRUMENTOS: Proba aberta. |
| **Bloque 5: Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe** | | | | | | |
| SLE-B5.1 | 2º-SLEB5.1 - Identifica sons e grafías de fonemas básicos, produce con suficiente intelixibilidade léxico e estruturas moi básicas, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.) e persevera no uso de patróns moi básicos de ritmo, entoación e | Identifica sons e grafías de fonemas básicos, produce con suficiente intelixibilidade léxico e estruturas básicas. Distingue fonemas e persevera no uso de patróns moi básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Escala de observación. |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | acentuación de palabras e frases. | | | | | |
| SLE-B5.2 | 2º-SLEB5.2 - Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto polas diferenzas que poidan existir en aspectos culturais como hábitos, horarios, etc. | Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito e amosa respecto polas diferenzas culturais. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Escala de observación. |
| SLE-B5.3 | 2º-SLEB5.3 - Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas. | Nas actividades de aula, fai hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Escala de observación. |
| SLE-B5.4 | 2º-SLEB5.4 - Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe. | Participa en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe. | | X | | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Rúbrica. |
| SLE-B5.5 | 2º-SLEB5.5 - Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade | Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | inmediata da aula (pedir ou dar información sobre datos persoais, felicitar, invitar, etc.) utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, moi básicos e traballados previamente. | utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, moi básicos e traballados previamente. | | | | INSTRUMENTOS: Escala de observación.. |

| CURSO | 4º ESO | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **NIVEL** | 4º SECUNDARIA OBLIGATORIA | **ÁREA** | Segunda lingua estranxeira (SLE) | | | |
| **Criterio de avaliación** | **Estándares** | **Grao mínimo para superar a área**<br><br>Indicador mínimo de logro | **T 1** | **T 2** | **T 3** | **CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN**<br>**Instrumentos de avaliación /**<br><br>**Procedementos de avaliación (%)*** |
| **Bloque 1: Comprensión de textos orais** | | | | | | |
| SLE-B1.1 | 4º-PLEB1.1 - Reflexiona sobre o seu proceso de comprensión, axustándoo ás necesidades da tarefa (de comprensión global, selectiva ou detallada), mellorándoo se é o caso (sacando conclusións sobre a actitude do falante e sobre o contido, baseándose na entoación e na velocidade da fala), deducindo intencións a partir do volume da voz do falante, facendo anticipacións do que segue (palabra, frase, resposta, etc.), e intuíndo | Reflexiona sobre o seu proceso de comprensión, axustándoo ás necesidades da tarefa, mellorándoo se é o caso, deducindo intencións a partir do volume da voz do falante, facendo anticipacións do que segue e intuíndo o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as propias experiencias. | X | X | X | PROCEDEMENTOS : Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Escala de observación. |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as propias experiencias. | | | | | |
| SLE-B1.2 | 4º-PLEB1.2 - Distingue, con apoio visual ou escrito, as ideas principais e información relevante en presentacións ou charlas ben estruturadas e de exposición clara sobre temas coñecidos ou do seu interese relacionados co ámbito educativo ou ocupacional (por exemplo, sobre un tema educativo ou de divulgación científica, ou unha charla sobre a formación profesional noutros países). | Distingue, con apoio visual ou escrito, as ideas principais en presentacións ou charlas ben estruturadas e de exposición clara sobre temas coñecidos ou do seu interese relacionados co ámbito educativo ou ocupacional. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos.<br><br>INSTRUMENTOS: Posta en común. |
| SLE-B1.3 | 4º-PLEB1.3 - Identifica a idea principal e aspectos significativos de noticias de televisión claramente articuladas cando hai apoio visual que complementa o discurso, así como o esencial de anuncios publicitarios, series e películas ben estruturados e articulados con claridade, nunha variedade estándar da lingua, e cando as imaxes facilitan a comprensión. | Identifica a idea principal e aspectos significativos de noticias de televisión claramente articuladas con apoio visual, así como o esencial de anuncios publicitarios, series e películas ben estruturados e articulados con claridade, nunha variedade estándar da lingua, e cando as imaxes facilitan a comprensión. | | X | X | PROCEDEMENTOS: Cuestionarios<br><br>INSTRUMENTOS: Cuestionario aberto. |
| SLE-B1.4 | 4º-PLEB1.4 - Capta os puntos principais e os detalles salientables de mensaxes gravadas ou de viva voz, claramente articuladas, que conteñan instrucións, indicacións ou outra información, mesmo de tipo técnico (por exemplo, en contestadores automáticos, ou sobre como realizar un experimento na clase, ou | Capta os puntos principais e os detalles salientables de mensaxes gravadas ou de viva voz, claramente articuladas, que conteñan instrucións, indicacións ou outra información. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br><br>INSTRUMENTOS: Proba aberta. |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | como utilizar unha máquina ou un dispositivo no ámbito ocupacional). | | | | | |
| SLE-B1.5 | 4º-PLEB1.5 - Identifica as ideas principais e detalles relevantes dunha conversa formal ou informal de certa duración entre dous ou máis interlocutores que ten lugar na súa presenza e na que se tratan temas coñecidos ou de carácter xeral ou cotián, cando o discurso está articulado con claridade e nunha variedade estándar da lingua. | Identifica as ideas principais e detalles relevantes dunha conversa formal ou informal entre dous ou máis interlocutores que ten lugar na súa presenza e na que se tratan temas coñecidos ou de carácter xeral ou cotián, cando o discurso está articulado con claridade e nunha variedade estándar da lingua. | X | X | | PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos.<br><br>INSTRUMENTOS: Posta en común. |
| SLE-B1.6 | 4º-PLEB1.6 - Entende o que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en bancos, tendas, hoteis, restaurantes, transportes, centros docente e lugares de traballo) ou menos habituais (por exemplo, nunha farmacia, un hospital, nunha comisaría ou nun organismo público), se pode pedir confirmación dalgúns detalles. | Entende o que se lle di en transaccións e xestións cotiás ou menos habituais se pode pedir confirmación dalgúns detalles. | | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Diario de clase. |
| SLE- B1.7 | 4º-PLEB1.7 - Comprende, nunha conversa formal, ou entrevista na que participa (por exemplo, en centros de estudos ou de traballo), información relevante e detalles sobre asuntos prácticos relativos a actividades educativas ou ocupacionais de carácter habitual e predicible, sempre que poida pedir que se lle repita, ou que se reformule, aclare ou elabore, algo do que se lle dixo. | Comprende, nunha conversa formal, ou entrevista na que participa, información relevante e detalles sobre asuntos prácticos relativos a actividades educativas ou ocupacionais de carácter habitual e predicible, sempre que poida pedir aclaracións. | | | X | PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos.<br><br>INSTRUMENTOS: Entrevista. |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| SLE- B1.8 | 4º-PLEB1.8 - Comprende, nunha conversa informal na que participa, explicacións ou xustificacións de puntos de vista e opinións sobre diversos asuntos de interese persoal, cotiáns ou menos habituais, así como a formulación de hipóteses, a expresión de sentimentos e a descrición de aspectos abstractos de temas (por exemplo, a música, o cine, a literatura ou os temas de actualidade). | Comprende, nunha conversa informal na que participa, explicacións ou xustificacións de puntos de vista e opinións sobre diversos asuntos de interese persoal, cotiáns ou menos habituais, así como a expresión de sentimentos e a descrición de aspectos abstractos de temas. | X | X | | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Escala de observación. |
| **Bloque 2: Produción de textos orais** | | | | | | |
| SLE-B2.1 | 4º-PLEB2.1 - Utiliza recursos lingüísticos para entender e facerse entender, como a utilización de expresións memorizadas ou fixas (para pedir que lle falen máis a modo, que lle repitan ou que lle aclaren) e o uso de exemplos e definicións, ou de aspectos paralingüísticos como os acenos, a entoación, etc. | Utiliza recursos lingüísticos para entender e facerse entender, como a utilización de expresións memorizadas ou fixas e o uso de exemplos e definicións, ou de aspectos paralingüísticos. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Escala de observación. |
| SLE-B2.2 | 4º-PLEB2.2 - Nas actividades de aula, a maioría das veces interactúa ou intervén na lingua estranxeira de xeito claro e comprensible, e persevera no seu uso cunha actitude positiva, aínda que cometa erros e teña que pedir axuda ou aclaracións, manifestando interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros e das súas compañeiras. | Nas actividades de aula, a maioría das veces interactúa ou intervén na lingua estranxeira de xeito claro e comprensible, e persevera no seu uso cunha actitude positiva, manifestando interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros e das súas compañeiras. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Escala de observación. |
| SLE-B2.3 | 4º-PLEB2.3 - Fai presentacións breves, | Fai presentacións breves, ben | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Probas específicas. |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | ben estruturadas, ensaiadas previamente e con apoio visual (por exemplo, PowerPoint), sobre aspectos concretos de temas educativos ou ocupacionais do seu interese, organizando a información básica de maneira coherente, explicando as ideas principais brevemente e con claridade, e respondendo a preguntas sinxelas de oíntes articuladas de maneira clara e a velocidade media. | estruturadas, ensaiadas previamente e con apoio visual, sobre aspectos concretos de temas educativos ou ocupacionais do seu interese, organizando a información básica de maneira coherente, explicando as ideas principais brevemente e con claridade. | | | | INSTRUMENTOS: Exposición dun tema. |
